Provincia de Pontevedra:

-IES Sánchez Cantón. Avda. Raíña Victoria, Pontevedra.

3. Presentación dos candidatos ou candidatas.

a) Os/as candidatos/as deberán realizar as probas na provincia a que pertenza o centro educativo público en que se atope o seu expediente académico.

b) Para a realización das probas os candidatos ou candidatas acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2009.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

*ANEXO*

Tribunal:

Presidente: José Graña Carrodeguas, subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Vogais:

-Berta Estrada Arias, inspectora de educación.

-Agustín Hermida López, inspector de educación.

-Samuel Lago Fernández, inspector de educación.

-José Ramón Pereiró Rodríguez, inspector de educación.

-Gonzalo Sanmartín Brey, profesor de ensino secundario.

Secretario: Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 29 de abril de 2009 pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009.*

Advertido erro na Orde do 29 de abril de 2009, publicada no DOG nº 87, do 6 de maio, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.366, no artigo 7º.-Solicitudes e documentación. Onde di: «O artigo 7º.1 nos seus puntos k) e r) queda redactado como segue:», debe dicir: «O artigo 7º.2 nos seus puntos k) e r) queda redactado como segue:».

*Orde do 12 de maio de 2009 pola que se convocan para o ano 2009 as axudas para facilitarlles o acceso á propiedade aos titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.*

A Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos, regula o réxime xurídico das parzarías e arrendamentos rústicos históricos de Galicia, entendendo por tales aqueles que se pactaron con anterioridade a agosto de 1942, sexa cal fose a súa procedencia xurídica inicial e que compoñen no seu conxunto unha institución histórica propia de Galicia. Esta lei establecía que as parzarías e os arrendamentos rústicos históricos que estivesen vixentes na data da súa entrada en vigor quedarían prorrogados ata o 31 de decembro de 2005.

A publicación da Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, introduce unha nova prórroga nos arrendamentos rústicos históricos e nas parzarías ata o 31 de decembro de 2010.

Ao abeiro desta lei aprobouse o Decreto 182/2006, do 26 de outubro (DOG nº 208, do 27 de outubro), polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro, fixando un réxime de axudas dirixido a aquelas persoas titulares de arrendamentos históricos ou parzarías que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

As axudas cumpren cos requisitos exixidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como co establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01).

Así mesmo, o Decreto 182/2006, do 26 de outubro (DOG nº 208, do 27 de outubro), establece, con carácter indefinido, as bases reguladoras das axudas para aquelas persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

Cómpre realizar a convocatoria correspondente a este ano 2009 e, de conformidade co artigo 30.1.3 do

Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

É obxecto desta orde o establecemento da convocatoria para o ano 2009, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías, de acordo coas bases reguladoras previstas no Decreto 182/2006, do 26 de outubro, polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro.

Artigo 2º.-*Condicións e finalidade.*

1. Para poder acollerse a estas axudas deberanse cumprir os requisitos establecidos no Decreto 182/2006, do 26 de outubro.

2. As axudas teñen por finalidade facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías que, de conformidade co previsto na Lei 3/1993, do 16 de abril, exerzan o dereito de acceso á propiedade xudicialmente ou mediante acordo extraxudicial.

Artigo 3º.-*Prazo e presentación das solicitudes.*

1. Para a convocatoria de 2009 as solicitudes de axuda presentaranse no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia.*

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. Os interesados presentarán a solicitude de axuda axustada ao modelo establecido no anexo I desta orde, xuntando toda a documentación relacionada no anexo III do Decreto 182/2006, do 26 de outubro.

3. De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación das solicitudes comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, acreditativas de estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previsto regulamentariamente.

Artigo 4º.-*Xustificación e pagamento.*

O pagamento da subvención realizarase dunha soa vez, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 182/2006, do 26 de outubro, e tras a aceptación da axuda pola persoa beneficiaria, mediante a remisión, nun prazo máximo de dez días hábiles que comezarán a contar o día seguinte ao da notificación da resolución definitiva de concesión da axuda, do anexo II deste decreto debidamente cuberto.

Artigo 5º.-*Financiamento.*

Para a concesión das axudas desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 por un total de douscentos corenta mil euros (240.000 €), na aplicación orzamentaria 11.02.551A.770.0, axudas para adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos.

A concesión das axudas quedará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas as cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Desenvolvemento Rural para ditar as instrucións que considere oportunas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO I*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***SUBVENCIÓN PARA ACCESO Á PROPIEDADE DE PARZARÍAS E ARRENDAMENTOS RÚSTICOS HISTÓRICOS*** | ***MR102A*** | ***SOLICITUDE*** |

## DATOS DO/A SOLICITANTE

| APELIDOS | NOME | CIF/NIF | |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO | PROVINCIA | | |
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

**E na súa representación**

| APELIDOS | NOME | CIF/NIF | |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO | PROVINCIA | | |
| CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

## DATOS BANCARIOS

| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE |
|---|---|---|---|
| NOME | ENDEREZO (RÚA E NÚMERO) | | |
| PROVINCIA | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | |

## DATOS DA AXUDA E DA PARZARÍA OU ARRENDAMENTO RÚSTICO HISTÓRICO

**AXUDA SOLICITADA:**

☐ SUBVENCIÓN DIRECTA DO CAPITAL ☐ SUBVENCIÓN DE TRAMITACIÓN

***FINANCIAMENTO:***

| | *SUPERFICIE ADQUIRIDA* | *PREZO* |
|---|---|---|
| COMPRA DE TERRAS: PARZARÍA OU ARRENDAMENTO RÚSTICO HISTÓRICO | | |

***DATOS DA PARZARÍA OU ARRENDAMENTO RÚSTICO HISTÓRICO:***

| LUGAR | PARROQUIA |
|---|---|
| PROVINCIA | CONCELLO |

EXISTENCIA DE EDIFICACIÓNS ☐

| SUPERFICIE | CLASE DE TERRA | DATA DE CONTRATO | MODALIDADE | Nº DE PREDIOS |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

## DATOS DA EXPLOTACIÓN

*MAN DE OBRA*

| | |
|---|---|
| *Titular* | |
| *Familiar* | |
| *Asalariada* | |
| *TOTAL UTA* | |

*DEDICACIÓN DA TERRA*

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Millo* | | *Horta* | |
| *Forraxes* | | *Invernadoiros* | |
| *Pradaría artificial* | | *Viñedo* | |
| *Pradaría natural* | | *Outros* | |
| *Pataca* | | | |
| *SUP. TOTAL* | | | |

*GANDO*

| | *Unidades* | *Cota/dereitos* | | *Unidades* | *Cota/dereitos* |
|---|---|---|---|---|---|
| *Vacas leite* | | | *Xatos ceba* | | |
| *Xovencas leite* | | | *Ovellas* | | |
| *Vacas carne* | | | *Cabras* | | |
| *Xovencas carne* | | | *Outros* | | |

**EXPÓN:** que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de lle dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

*- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicio.*
*- Decreto 128/2006, do 26 de outubro, polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro.*
*- Orde do 12 de maio de 2009 pola que se convocan para o ano 2009 as axudas para facilitarlles o acceso á propiedade aos titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arredamentos rústicos de Galicia.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTE

*Lugar e data*

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA ____/____/______

DATA DE EFECTOS ____/____/______

DATA DE SAÍDA ____/____/______

*Conselleiro do Medio Rural*